

LENGUA Y LITERATURA GALLEGAS

Ramón Otero Pedrayo e a aldea de Trasalba. A relevancia literaria dun espazo

Ramón Otero Pedrayo and the Village of Trasalba. The Literary Importance of a Space

PATRICIA ARIAS CHACHERO

parias44@alumno.uned.es

Recibido: enero 2022. Aceptado: marzo 2022

Resumo: A aldea de Trasalba, en Ourense, é un espazo fundamental para entender a obra de Ramón Otero Pedrayo. Alí escribiu e imaxinou algunhas das súas obras máis importantes. O topónimo e o espazo recreáanse en novelas, ensaios e poemas.

Palabras chave: Ramón Otero Pedrayo, Trasalba, topónimo

Resumen: La aldea de Trasalba, en Ourense, es un espacio fundamental para entender la obra de Ramón Otero Pedrayo. Allí escribió y imaginó algunas de sus obras más importantes. El topónimo y el espacio se recrean en novelas, ensayos y poemas.

Palabras clave: Ramón Otero Pedrayo, Trasalba, topónimo

Abstract: The village of Trasalba in Ourense is a fundamental space to understand the work of Ramón Otero Pedrayo. In that place wrote and imagined some of his most important works. The toponym and the space are recreated in novels, essays and poems.

Keywords: Ramón Otero Pedrayo, Trasalba, place name

I.- OTERO PEDRAYO E TRASALBA: INTRODUCCIÓN

Moitos escritores residen gran parte da súa vida nun lugar e non chegan nunca a significalo literariamente; outros, pola contra, literaturizan na súa obra os espazos que habitan e coñecen. Engrandécenos e dótanos dun valor engadido, o valor da fantasía, da cultura e da letra impresa. Fano Julio Cortázar, Roberto Arlt ou Borges coa cidade de Bos Aires; Pío Baroja, Galdós e Valle-Inclán con Madrid; Antonio Tabucchi e Fernando Pessoa con Lisboa; Oscar Wilde, Swift e, naturalmente James Joyce con Dublín e así poderíamos seguir ata elaborar unha extensa nómina que remataría percorrendo o planeta todo.

Tamén en Galicia hai topónimos que evocan o título dunha obra ou o nome dun autor. A Casa da Matanza, en Padrón, Ponteceso, Celanova, as montañas do Courel, Mondoñedo ou Ourense, resultan doados de asociar os nomes de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor ou Vicente Risco. Todos estes autores teñen recreado literariamente espazos reais que coñecían ben, lugares onde tiñan establecido o seu domicilio ou cos que crearan un vínculo afectivo.

O caso de Trasalba, unha aldea da bocarribeira ourensá a vinte quilómetros escasos de Ourense, é un pouco distinto. Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), o Patriarca das Letras Galegas, viviu alí boa parte da súa vida. Este foi ademais o lugar por el escollido para traballar, para redactar con calma novelas, ensaios e moitos dos milleiros de artigos de prensa que asinou en vida. Aquí, na casa familiar, na aldea, refuxiouse nos momentos difíciles da guerra e da posguerra, convertendo o lugar en todo un símbolo do que se deu en chamar exilio interior. En obrigado silencio, «entregado á lectura dos clásicos», afundido nun «sillón frailer», segundo el mesmo contou nalgunha entrevista, recibe consternado as novas da morte violenta de «irmáns» e amigos. Entre eles Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Víctor Casas, Roberto Blanco Torres ou Camilo Díaz Balño. Aquí se informa tamén dos que foxen ao exilio, Núñez Búa, Alonso Ríos, Afonso Daniel Rodríguez Castelao e tantos outros.

En Trasalba recibiu durante anos a visita de amigos e compañeiros. Entre eles, o máis entrañable, Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950). Contóunolo o propio Otero Pedrayo nun artigo titulado «Trasalba en la nueva mañana» :

Por los altos yermos, por las suaves geórgicas de Trasalba hemos paseado con nobles amigos inolvidables. Es celosa y agradecida la memoria de esta «bocarribeira». El «penedo redondo» no ha olvidado la mano de Castelao posada en su ilusión de piel sensitiva de líquenes. Arturo López Trasancos, Manuel Peña Rey, Álvaro de las Casas, han reposado bajo los castaños que aprobaron y aconsejaron muchas poesías de Noriega Varela. (*La Noche*, 8.I.1959)

Relatou a estancia trasalbesa de Castelao en varias ocasións. Nunha delas, a natureza e o espazo convértese en elementos especialmente relevantes. Trátase do texto «Expresións de door encol da morte de Castelao», publicado en *A Nosa*

Terra, Boletín quincenal: idearium, das Irmandades da Fala, pouco despois da morte do rianxeiro, en xullo do ano 1950:

Estamos xuntos na miña terra de Trasalba no 1935. Castelao chegara d'aquí desterro en Extremadura. Volve a unha legría nova. Pol-a mañá saímos de par, adispazo falando pol-os camiños. Os estensos hourizontes esmaltábanse ò lonxe con povos e arboredos que enxamáis, como daquela, me pareceron atal fermosos. Castelao, afeito â dozura das Rías e ò grande canto dos piñeirales, gostaba cheo de leda sorpresa da terra máis forte de penedos e castiñeiros e da baril fermosura do carballo. Falaba agarimoso dos amigos. Os cruceiros dibuxábanse nas súas palabras. Quería facer un teatro novo [...]. Paseiando pol-o Agro, por Fontela, aqueles logares de Trasalba que eu amo coma seres vivos e graves.

O propio Castelao (2000: 259), nunha carta que lle escribe a don Ramón desde París o 20 de setembro de 1935, dille:

¡Trasalba! ¡Trasalba! ¡Trasalba! Sempre me lembraréi dos días que pasamos na vosa compañía. Por certo que eiquí no noso hotel notamos que pol-a noite hai o mesmo silencio que en Trasalba [...]. Notéi en Trasalba que lle quería moito a túa nai, como se fose outra miña nai. ¿Ou é que ti e máis eu somos irmáns? Dille que me lembro moito dela.

Pero a transcendencia cultural desta aldea vai máis alá. Aquí enmarca o escritor boa parte da súa obra narrativa, *Pantelas, home libre* (1924), *Os camiños da vida* (1928), *Arredor de sí* (1930), *La vocación de Adrián Silva* (1949), *O maroutallo* (1974)..., están, en maior ou menor medida, ambientadas na Casa de Cima de Vila e na contorna trasalbesa. Lugares reais que o autor non deforma, tan só recrea literariamente. Moitos dos personaxes oterianos estarán, ademais, inspirados en veciños do lugar —Pantelas, a Corga, a Reguenga, o Cacharazas, o señor Tinancio...— ou en familiares do propio intelectual. Así, o Adrián Solovio que protagoniza *Arredor de sí*, é trasunto literario do propio escritor, mentres o Paio Soutelo de *Os camiños da vida*, toma como modelo a Enrique Otero Sotelo, pai do propio Otero, e Xosé María de Puga lembra ao avó paterno, o militar esparterista retirado na aldea de bocarribeira.

Nun poema sen data publicado en *Poesía completa* (2010: 270) a propia casa familiar preséntase como soporte do que xa foi:

Tamén hoxe en Trasalba
 a vella casa queixumosa e longa
 boga máis lembradoira cara ó poente
 e soña nos seus fumes pasados
 das ialmas e os destiños.
 Os mantelos do tempo

frotan encol das augas, e os ronseles
 dos antigos nadales rechouchían
 escumas no recordo.

E se na ficción a influencia é innegable, non o é menos no ensaio. Otero deseña un modelo de xeografía desde Trasalba. Os cultivos, os ciclos do campo, a vida dos veciños, proporciónanlle a materia prima en moitos dos seus artigos e ensaios. A pequena aldea sèrvelle de modelo humano, xeográfico e histórico á hora de deseñar unha teoría identitaria na que basear un discurso válido para defender os dereitos e intereses de Galicia. Un discurso que difundirá desde a tribuna política e desde as páxinas de publicacións tan importantes nas nosas letras como a revista *Nós* (1920-1936) cuxo centenario vimos de celebrar. Cómpre non perder de vista que xunto a Castelao e Vicente Risco, don Ramón foi un dos esteos desta xeración, a Xeración Nós, o proxecto cultural mellor artellado na Galicia do século xx. A transcendencia e o significado deste grupo xeracional están fondamente apegados a esta casa e esta aldea.

Algúns dos seus compañeiros de xeración, os máis próximos, coñecían ben a influencia da aldea na obra do escritor. É o caso de Florentino López-Cuevillas (1982: 104-105), amigo desde a infancia, quen deixou escrito:

Ramón Otero pasou e pasa longas tempadas no seu pazo de Trasalba, freguesía de bocarribeira pendurada por unha banda do val do Miño e por outra sobre do val do Barbantiño. Cando, pasados anos, se estude con fondura o seu vivir e a súa obra, ha de se-lo intre de valorar xustamente o influxo desta aldea na formanza sentimental do mais ilustre dos seus veciños. Alí foi, certamente, onde por primeira vez percibiu a presenza de Galicia, e alí aprendeu a amala até o extremo de lle adicar o seu ser. Alí, nos soutos que hai a carón da súa casa, nos penedos de Rodeiro, nos piñeirais da costa de Santa Cruz, nas viñas que se meten polas costas que baixan para as ribeiras, na aira do día da malla, nas adegas do tempo das vendimas, nas lareiras nos meses das xiadas ou das chuvias, decatouse da realidade da existencia do noso ser peculiar; deuse de conta desta verdade que os galegos temos de escoitar dentro de nós mesmos, xa que nin na escola, nin no Instituto, nin na Universidade se coida de nos falar dela, e aínda para máis cóidanse de acochárnola coma se fose unha vergoña ou un pecado.

Esa omnipresencia de Trasalba no proceso de maduración intelectual de Otero explica a importante pegada que a casa e as súas xentes deixaron nos escritos oterianos. Aquí rematou e asinou obras tan significativas nas nosas letras como: *Contos do camiño e da rúa* (1930), *A romería de Xelmírez* (1933), *Devallar* (1935), *Vida del doctor don Marcelo Macías y García* (1942), *La fiesta del conde Berstein* (1943), *La vocación de Adrián Silva* (1944), *O libro dos amigos* (1952), *O señorito da Reboraina* (1959) ou *Rosalía* (1959).

Lémbrese que a infancia de Otero Pedrayo transcorre en boa medida nesta casa. Nela fórmase, interioriza a historia familiar e, case sen querelo, familiarízase cos ciclos da natureza, cos traballos do campo e coas angueiras e preocupacións dos seus veciños, a inmensa maioría deles labregos. A casa de Cima

de Vila, representa o pasado familiar, o herdo dos devanceiros, o lugar onde se concreta a historia inmediata que tanto aportará á súa novelística pero tamén é o modelo de aldea galega, o microcosmos dunha realidade social e laboral.

II.- A ETIMOLOXÍA DO TOPÓNIMO

Nun dos poemas máis coñecidos de *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar* (1958: 10), único libro de versos que o polifacético intelectual publicou en vida, lemos:

Trasalba: verde lús
 nas pupilas de pedra,
 e un vento nos agros
 e nas vidas.
 Trasalba,
 tristeira e lucidía frol
 da ialba.

Nesta sinxela estrofa xoga o escritor coa idea de que o topónimo da súa aldea ten que ver coa luz da alba. Segundo esta explicación pseudoetimolóxica, Trasalba sería algo así como o lugar que se atopa «detrás da alba». En realidade a partícula preindoeuropea «alb», da que tamén proceden nomes propios como Alpes, Albania ou Albión, significa altura ou monte; o que cadra moito mellor coa disposición xeográfica de Trasalba, situada nun alto, nas estribacións dos Chaos de Amoeiro. Ramón Otero Pedrayo coñecía este razoamento e aplícao cando sitúa unha das súas novelas máis coñecidas, *Os camiños da vida* (1928), en Trasouto, literalmente «o lugar que está detrás do outo, do alto».

Se regresamos aos xogos toponímicos comprobamos como o propio Otero Pedrayo fala deles nunha das páxinas da novela *La vocación de Adrián Silva* (1988: 223):

Terminado el chocolate, Fray Clemente se perdió en el grato laberinto de las etimologías, a propósito de un rayo de sol que buscaba con particular afecto de despedida a un pueblo lejano anidado en cumbres de suave belleza acrecida por la luz del otoño [...]. Fray Clemente estaba delicioso dudando entre las posibles significaciones de las misteriosas toponimias, y en el afán de descifrarlas absorbía crecientes dosis de rapé. «Freás» era «Fray Eans o Gonzalo», «Arrabaldo» se refería a los «arros», pueblo galo pariente de los Arrotebras de Ptolomeu, del «valles», «Rañestres» venía de «Regnatrix», Trasalba era el reino esperanzado del lucero matinal: tras el alba.

Os estudos históricos explícanos ben a orixe do nome do lugar. En 1218, o rei Afonso IX outórgalle a dona Teresa Ibáñez a vila realenga de Formigueiro, a catro quilómetros de Trasalba, indicando que está situada «in terra de Alba de

Bubal». Esta antiga xurisdición estaría comprendida entre os ríos Miño, Barbantiño e Búbal. Seguindo este razoamento, e sen contradicir o anterior, Trasalba estaría detrás de Alba de Bubal, especialmente se nos situamos no camiño entre Amoeiro e Trasalba, vía natural que unía o mosteiro de Oseira e Santa Cruz de Arrabaldo, onde os monxes posuían varias granxas que lles aseguraban o sustento. Sabemos ademais que no coto do Formigueiro, habitado desde época prerromana, existiu un castelo que, derrubado polos Irmandiños, puido ser reconstruído e conservado ata comezos do XIX. Trasalba gardaría relación, polo menos xeográfica, con este castelo, o castelo de Alba, construído, como era frecuente, nun lugar elevado.

Atopamos a mesma partícula alb- en Albeiros, a aldea máis próxima a Trasalba en dirección ao Formigueiro. A Albeiros, situado tamén por tras do Formigueiro e do seu antigo castelo, rendeulle tributo Vicente Risco cando escolle o nome de Bieito Albeiros para nomear ao antagonista de don Celidonio na novela *O porco de pé* (1928) e ao protagonista do relato «Do estraño caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros» (1919). Convén non perder de vista que Risco, amigo de Otero Pedrayo desde a infancia, frecuentou, desde neno, a aldea de Trasalba.

Nótese ademais que moitos dos topónimos e microtopónimos que rodean a aldea á que nos estamos referindo, gardan relación precisamente coa idea de altura ou elevación, desde «as Campas arriba» e «as Campas abaixo» en que se dividía tradicionalmente á parroquia de Trasalba; ao propio lugar de Cima de Vila, onde está a casa do escritor, pasando polo Outeiro ou á Cruz Alta. Cómpre ter presente ademais que o primeiro apelido do escritor, Otero, significa precisamente iso, «pequena elevación». Pedrayo enredou con isto cando nos anos 60 asinou unha *Historia del arte universal* co pseudónimo de Cerro de los Llanos, tradución ao castelán dun Otero dos Chaos —dos Chaos de Amoeiro, naturalmente— baixo o que se agochaba o propio autor.

O topónimo ao que nos vimos referindo dará lugar a simpáticos xogos de palabras en poemas e textos íntimos. En 1959, Ramón Otero deseña un debuxo para usalo nun Nadal que a Fundación que hoxe leva o seu nome empregou para felicitar as festas no ano 2018. Nel pódese ler o seguinte verso improvisado: *Trasalba / Frolalba / Abrentalba / Ai, Amor!*

Se Marineda é na obra de Emilia Pardo Bazán, a cidade da Coruña; se a Vetusta de Clarín é Oviedo, se a Auria de Blanco Amor representa a Ourense ou se a Santa Teresa de Roberto Bolaño é en realidade, Ciudad Juárez; Trasouto, Soutoledo ou Valdoso son algúns dos nomes dados por Ramón Otero Pedrayo na ficción literaria á pequena aldea de Trasalba. O autor non deseña fantápoles, cidades inventadas, como fai Gabriel García Márquez con Macondo ou Willian Faulkner co condado de Yoknapatawpha, senón que unha e outra vez ambienta e recrea con fidelidade, os lugares que coñecía á perfección.

III.- TRASALBA, UNHA COLECCIÓN LITERARIA

Conscientes dalgunha maneira de todo o dito, no ano 1958 a editorial Galaxia, artífice da lenta recuperación literaria da Galicia da posguerra, bota a an-

dar unha nova colección literaria que bautizan co nome de Trasalba. Réndenlle así homenaxe a quen era o presidente da editorial desde a súa fundación, Ramón Otero Pedrayo, consagrado daquela como a gran figura das Letras Galegas de preguerra.

A nova colección, idea —segundo parece— de Ramón Piñeiro, nace coa vontade de dar cabida «a escritores da máis antiga xeración galega» e concretárase na publicación dun total de oito títulos imprentados ao longo de catorce anos. Os tres primeiros, *Samos* de Ramón Cabanillas, *Centileo nas ondas* de Gonzalo López Abente e *Leria* de Vicente Risco, verán a luz en 1958. Catro anos despois, en 1962, chegarán as *Prosas galegas* de Florentino López Cuevillas e tras elas, *Escolma posible* (1964) de Castelao, *O espello na serán* e *Arredor de si* do propio Otero Pedrayo. O título que pecha tan singular empresa literaria será *O porco de pé e outras narracións* de Vicente Risco.

A comezos de 1959, o 8 de xaneiro, o propio Otero Pedrayo saúda emocionado a iniciativa dos seus compañeiros de Galaxia nun artigo no xornal comostelán *La Noche*, no que lemos:

Una serie editorial es un camino trazado a través de la noche hacia la alborada. Cada libro una serie de antorchas inspiradas. La amistad de «Galaxia» buscó en el nombre de «Trasalba» el santo y seña de la insigne aventura. Dos grandes poetas han salido. En poderosos y sutiles recuerdo se encienden sus horas caminantes. Don Ramón Cabanillas y Gonzalo López Abente. Dos gloriosos petrucios. Con nuevo aliento, con rendida dedicación de adolescentes, salen.

Un pouco máis adiante, neste texto que titula «Trasalba en la nueva mañana», di o seu autor:

He aquí Trasalba, la clara parroquia de delgada tierra y agradecidos otoños levantada por el hechizo de su nombre a clave de un alto empeño de poesía. La inmortalidad roza con sus alas los pobres centenos, las soleadas colinas de blanca entraña. Como vecinos de su comunidad, como alumnos de sus horizontes, de su habla y recuerdos, nos atrevemos a dar las gracias a «Galaxia» interpretando el sentido de la nueva alegría que brilla por virtud en la creación poética.

Folga dicir que a escolla do nome da colección agradou a quen sen dúbida foi o habitante máis ilustre da aldea ourensá.

IV.- BIBLIOGRAFÍA

López Cuevillas, F. (1982) *Prosas galegas*, Vigo, Galaxia.

Otero Pedrayo, R. (1950) «» «Expresións de door encol da morte de Castelao», *A Nosa Terra, Boletín quincenal: idearium, das Irmandades da Fala*, xullo.

— (1958) *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*, Madrid, Brais Pinto.

— (1959) «Trasalba en la nueva mañana», *La Noche*, 8-I.

Otero Pedrayo, R. (1988) *La vocación de Adrián Silva*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

— (2000) *Poesía completa*, Xesús Alonso Montero (ed.), Vigo, Galaxia.

Rodríguez Castelao, A. D. (2000) *Obras Castelao. Epistolario*, T. VI, Vigo, Galaxia.